

CASTELAO EDUCADOR

*Marcelino Agís Villaverde**
Universidade de Santiago
de Compostela

1. INTRODUCCIÓN

Non hai sociedade, por máis posmoderna que sexa, que non teña un conxunto de mitos que formen parte da súa identidade colectiva. A necesidade de crear e mante-los mitos ten que ver coa nosa propia esencia humana. O home non é só un ser racional, que atopa sentido ás cousas contando cun pensamento abstracto e coa exacta coherencia da lóxica. Non. Seriamos máquinas, talmente coma os actuais ordenadores programados para responder dunha determinada maneira, sempre previsible. O home é tamén un ser simbólico, que precisa da lóxica dos relatos con final feliz; un ser que necesita recibir e dar afectividade e que atopa no corazón motivacións que a razón non entende. Desde que nacemos somos peregrinos á busca da nosa propia personalidade, por iso axuda moito atopar modelos exemplares ou educativos ós que admirar e imitar. Modelos que nun tempo achegou a

relixión e ós que modernamente se sumaron outros ámbitos: a política, a cultura, o cine, o mundo das finanzas ou a literatura.

No caso de Castelao, Rosalía de Castro e outras figuras senlleiras da cultura galega, chega a tal punto o proceso de mitoloxización que, decote, o mito agacha a persoa e mesmo escurece unha lectura aberta e ampla da súa obra. Pero o mito tamén ten as súas razóns e desvelalas axuda a deslindalo da realidade, garantindo unha aproximación máis fiel desde o plano intelectual. ¿Cales son as razóns do mito Castelao?

Lendo a modo o “Prefacio” do libro de Valentín Paz-Andrade, *Castelao na luz e na sombra*, atoparemos non só o funcionamento do mito senón tamén a súa explicación¹. Alí describese a Alfonso Daniel coma un príncipe da súa caste, da súa cultura, do seu pobo, que morre despoxado do seu chan, da súa terra. Unha morte que é vivida coma un infortunio colectivo de

* Profesor Titular de Filosofía.

1 Cfr. V. Paz-Andrade, *Castelao na luz e na sombra*, A Coruña, Ediciós do Castro, 1986 (2), pp. 14-17.

inmensa magnitude. Un home rebelde, na súa mocidade, que loita a prol da liberdade e da xustiza social a través de debuxos de denuncia. Un artista comprometido coa súa terra e os seus problemas que contribúe a esperta-la conciencia crítica dunha sociedade adurmiñada. Castelao devólvelles ós más febles a súa voz cativa: labregos e mariñeiros, cegos, esmoleiros, emigrantes, viúvas, mártires cívicos. Todos tiveron voz no pé das súas caricaturas, todos falan en galego da dor do seu drama, con retranca, con ironía, pero endexamais para se mofar ou ridiculiza-la súa propia condición de despoisuídos.

Alén disto, as circunstancias empurran a Castelao á política: primeiro é desterrado por motivos políticos durante o chamado “bienio negro”, dous anos despois, en 1936, sae elixido deputado do Partido Galeguista nas Cortes Republicanas e, trala Guerra Civil, ten que vivir no exilio e morrer lonxe da súa terra. É nese momento, senón antes, cando morre o home e nace o mito. “Fóisenos pra sempre —escribe Ramón Piñeiro no día do seu pasamento—, máis no corazón popular deixou o eco inmorrente d-isa bondade que o povo santifica coa súa devoción. Apagouse a súa vida, pro o seu nome brila no mundo galego co-a inmensa forza mítica d-un símbolo moral”².

Velaí a primeira dificultade de se achegar ó pensamento dun home convertido en mito e referente para toda unha cultura. Sen deixar de recoñecela forza simbólica da figura de Castelao, sen nega-la evidencia do mito Castelao, cómpre agora poñer entre parénteses todos estes elementos sacramentais para poder chegar á obra dun intelectual, dun artista, dun escritor, dun político que foi tamén un pensador. El mesmo se revelou contra este proceso de mitoloxización que xa percibiu en vida, porque talmente como agora sucede, as ínfulas rituais e simbólicas do mito agachábano a el:

Cando cheguéi a Bós Aires, sentáronme nunha cadeira, cobríronme cun fanal e dixéronme que era un ‘símbolo’. Axiña comprendín que a cadeira era un ataúde, o fanal era unha sepultura i eu era o ‘difunto Castelao’. Comparábanme a Curros e a Rosalía, e cicás por eso mesmo non concebían que estivese vivo. Invitábanme a facer o morto —a ver, ouvir e calar—, porque deste xeito recibiría moitas honras [...]. Pero sucedéu que non quisen morrer dentro dun fanal, atafegado nunha campana pneumática, porque ainda teño moitas cousas que facer e moitas más, que decir. E como estimo a miña vida e os meus ósos espero morrer alá [...]³.

Mais, unha vez que fagamos comparece-los verdadeiros perfís de Castelao, áinda debemos confrontarnos coa segunda e máis importante dificultade: ¿baixo que punto de vista

2 R. Piñeiro, “Castelao”, en *Castelao, 33 anos despois*, Vigo, A Nosa Terra, 1983, p. 18.

3 Castelao, “Verbas de Chumbo”, en *Ronsel*, Bós Aires, nº 1, 1941, p. 9. Recollido en Castelao, *Prosas do exilio*, Montevideo, Ed. do Patronato da Cultura Galega, 1976, p. 53.

podemos considerar a Castelao coma un pensador, coma un educador das masas?

Pois, antes de nada, revisando cómo foron e evolucionaron as filosofías do século XX que enmarcan a súa obra. Hoxe angustiámonos matinando en que a filosofía deste final de século está en crise. ¡Madia leva! A filosofía estivo e estará sempre en crise porque o seu é darlle volta ás cousas, facendo que todo sexa un problema, mesmo aquilo que non é tal para ninguén. O que se cadra entrou en crise e non ten volta de folla é o xeito de filosofar praticado no século que aí vai.

Os vellos e canónicos xéneros redaccionais, que serviron durante centos de anos para expresa-lo pensamento máis elaborado dos homes e a linguaxe abstracta e conceptual preferida polos filósofos, xeraron na contemporaneidade unha certa canseira que levou os pensadores a inventaren novos xeitos de filosofar. Nuns casos apostando pola creación dunha nova linguaxe, ateigada de elementos figurativos; noutrous, deixando que a arte, a literatura, o cine, fosen tamén canles para a expresión do pensamento humano.

Se isto é así, pagaría a pena revisa-la obra dunha chea de intelectuais que foron catalogados como literatos, artis-

tas ou escritores, sen máis. Entre elas a do noso Castelao, considerado tradicionalmente un home de acción e moi raramente un pensador⁴. Certamente, Castelao non foi un teorizador, non foi un filósofo no sentido tradicional do termo, tampouco un pedagogo, pero non viviu das rendas do pensamento de Vicente Risco, como algunha que outra vez se nos fixo crer. Compartiu un mesmo espírito cos homes da Xeración Nós, pero mantendo os sinais persoalísimos do seu pensamento.

2. DO PENSAMENTO Á ACCIÓN

2.1. O PENSAMENTO "DUALÉCTICO"

Un dos trazos característicos do pensamento de Castelao é a contraposición dialéctica que realiza entre os dous polos da realidade diametralmente opostos e enfrentados sen posible reconciliación. Non se trata xa que logo dun pensamento dialéctico, a semellanza do de Hegel, porque nunca hai tres termos en xogo para explica-la dinámica que experimenta a realidade. Non hai posibilidade de síntese final, de camiño intermedio, onde se atopen as dúas caras do real. O seu é un pensamento combativo onde as dúas frontes que entran en litixio non atopan nunca unha saída negociada, un punto inter-

⁴ Digo "moi raramente" porque hai algúun traballo pioneiro nesta consideración que merece ser citado. Cfr. C. Baliñas Fernández, "Castelao, conciencia de Galicia", en *Revista de Letras*, nº 6, Universidade de Puerto Rico, 1970. Do mesmo autor pódese ver: "Cousas da Vida, Cousas da Sociedade", en *Homenaxe a Castelao*, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago, 1976; ou no traballo máis recente de A. González Fernández, *Fundamentos antropológicos da obra de Castelao*, Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 1999.

medio no que as dúas partes nin gañen nin perdan. Non, unha sempre sae vitoriosa e a outra derrotada. Se cadra, porque non se trata de propostas teóricas, discutibles no plano das ideas, senón de anacos da realidade que implican unha clara postura ética e política. Haberá así, valores bos e malos, ideas boas e malas, políticas boas e malas, explotadores e explotados, ricos e pobres. Trátase sempre de visións dualistas, en irreconciliable confrontamento, que poderían defini-lo seu pensamento coma "dualéctico", botando man deste neoloxismo híbrido.

Así o viu Ramón Piñeiro, quen, nun traballo consagrado a Castelao, nos presenta os trazos esenciais deste pensamento dualéctico, situado nun lugar ben distinto á simple contemplación optimista ou pesimista da realidade. Recollo, polo seu interese, un amplo fragmento:


A vida humana presenta violentos contrastes entre o ben e o mal, entre a beleza e a fealdade, entre a alegría e a tristura, entre a nobreza e a ruindade. Hai xentes que se defenden desta tensión interior, deste dualismo antagónico, inclinándose a disfrutar da beleza, da nobreza, da alegría e dos demás valores positivos da vida procurando esquecer —defensivamente, claro— os valores negativos. Son eses seres que más ou menos consideramos optimistas. Outros, pola contra, contemplan a vida ó travesso da fealdade, da tristura, da ruindade, e apenas si teñen en conta a realidade dos valores positivos. Son os que más ou

menos consideramos pesimistas. [...] Castelao vive con intensidade o conflito interno da vida humana... Acepta a tensión. E acéptaa non pasivamente, resignadamente, senón de maneira activa, como loita. Porque conoce e é capaz de gozar dos valores positivos da vida, refuga e combate os valores negativos que a atormentan. Cando el nos amosa a fase abeseda, sombría, da vida, non é para nos decir: *a vida é esto*. Pola contra, o que el nos está decindo é: *a vida non debe ser esto*⁵.

Esta actitude crítica fronte a unha realidade inxusta fai que Castelao se sitúe do lado dos más febles, dos que padecen a historia. A súa obra é un testemuño da vida con tódalas súas asperezas e ó mesmo tempo unha chamada á conciencia do lector para que repare na necesidade de transforma-las cousas. Por iso, dicía con anterioridade, este pensamento dualéctico ten tanto unha raizame ética coma unha necesaria implicación política, na medida en que esta pode contribuír a mellora-la realidade. Estamos diante do compromiso político-social que Castelao sempre considerou a súa principal misión. Por iso, o esquema do seu pensamento dualéctico está presente tanto nos seus álbuns de debuxos coma na súa obra narrativa ou ensaística.

No limiar do álbum *Nós*, composto entre os anos 1916-1918 e publicado en 1931, declara que “a tristura d'estes dibuxos queima com’ a raxeira do sol que pasa por unha lupa; mais eu non quixen cantal-a ledicia das nosas festas, nin a fartura dos casamentos, sinón as

5 R. Piñeiro, *Lembrando a Castelao*, Santiago de Compostela, Ed. Sept., 1975, pp. 11-12.



*—Que San Roquín nos liberte de médicos,
abogados e boticarios!*

tremendas angurias do decotío labrego e mariñeiro". E, en efecto, o confrontamento dualéctico prodúcese neste álbum entre dous grupos antagónicos: dunha banda, os vellos sinxelos, a xente do pobo, doutra médicos, avogados e boticarios. "¡Que San Roquín nos liberte —exclama unha parella de aldeáns, pregando detrás dunha fiestra a San Roque que é levado en procesión— de médicos, abogados e boticarios!"

Os labregos aparecen coma escravos do fisco, os mariñeiros empobrecidos polos malos políticos, a lei e a xustiza soninxistas. Emigrantes que marchan a centos porque en Galicia non se pide, ou se cadra porque a nosa terra non é nosa. Curas, "prófugos do sacho" que son felices durmindo a sesta. Un vello e un neno, en fin que "non soñan más que cando durmen", se cadra porque a realidade é tan cruel

que mesmo perderon toda esperanza de soñar espertos.

Estes pares enfrentados repítense de mil maneiras nos debuxos de *Cousas da Vida*, que lle deran a Castelao gran popularidade por saírem publicados en xornais diarios. Os tres álbuns compostos durante a Guerra Civil —*Galicia mártir*, *Atila en Galicia* e *Milicianos*— cambian radicalmente a temática, dando conta do enfrentamento entre os dous bandos do conflicto, pero repiten o mesmo esquema dos malos, os fascistas neste caso, contra os bons, as vítimas republicanas.

Alén das contradiccionés que apreendemos nos seus debuxos, quizais a parte máis coñecida da súa obra, Castelao vai repeti-lo mesmo esquema dualéctico nun libro de tan fondo calado político coma *Sempre en Galiza*. Nel volven estar presentes os bons: labregos, mariñeiros, galeguistas, xente do pobo; e os malos: republicanos anti-federalistas, curas prófugos do sacho, políticos centralistas, caciques, militares que rascan a gorxa. Pero tamén haberá enfrentamento entre conceptos coma nación-estado, centralismo-federalismo ou historia contra tradición. Ou aqueloutros relativos ó enfrentamento entre a nosa cultura e a cultura castelá: lírica galega contra épica castelá, muiñeira contra xota, gaita contra guitarra, intuición contra lóxica, lingua galega, en fin, contra lingua castelá.

Castelao sintetiza nunhas páxinas ateigadas de sátira, por unha banda, e

de lirismo poético, pola outra, as dúas facianas da realidade galega. E así debuxa, esta vez con palabras, os tres elementos da España centralista, responsables da Guerra Civil: o militarismo, o clericalismo e o semifeudalismo⁶. Contrapostos dialecticamente a estes tres elementos aparecen os tres símbolos de Galiza: a árbore, a vaca e o peixe, cos que dá remate ó libro primeiro de *Sempre en Galiza* (SeG, 134-35).

Pero, se cadra, o labor pedagóxico de Castelao máis efectivo se produce cando reivindica a acción, non só coma o mellor xeito de transforma-la realidade senón mesmo de comprendela, seguindo o ritmo vivo dos acontecimentos, o latexar das “cousas”. Un aspecto que vai cobrar relevancia no eido filosófico por influencia do marxismo.

2.2. FILOSOFÍA DA PRAXE

“Ata o de agora os filósofos dedicáronse a pensar o mundo, agora cómpre transformalo”. Velaí unha das teses contra Feuerbach, escrita por Marx —se cadra a máis coñecida—, que había influír de tal maneira na filosofía do século XX como para crear unha nova escola filosófica que hoxe coñecemos como a “Filosofía da Praxe”. Eran, polo xeral, filósofos neomarxistas que lle concedían á acción o papel protagonista como motor do pensamento e da transformación da realidade. A canseira dun pensamento meramente teórico, desconectado do mundo e dos seus

6 Castelao, *Sempre en Galiza*, Madrid, Akal, 1977 (1980³), pp. 195-96. (En adiante SeG).

problemas, deu lugar a que filósofos coma Lukács, caeran nunha absolutización da praxe que xerou outra postura extrema: o idealismo da praxe.

Sen chegar a este radical idealismo da praxe, apreciamos na obra de Castelao unha defensa da acción como motor do pensamento fronte á pura teoría, que lle parece baleira e impracticable desde un punto de vista ético. En realidade, a contraposición entre teoría e praxe no noso autor é unha máis das parellas que sumar a un pensamento que nós cualificamos como dualético. En efecto, para demostra-la validez dunha proposta, Castelao sempre a confronta coa súa antítese. Neste caso non hai posibilidade ningunha de atopar unha postura intermedia, un terceiro termo que puidera achegar unha síntese entre os dous polos enfrontados. Talmente como sucede no caso do enfrontamento entre filosofía e praxe.

Xa no comezo de *Sempre en Galiza* lanza duras críticas —coma se dunha materialización exemplificadora se tratara da undécima tese sobre Feuerbach— contra aqueles que predican un ideal pero, no fondo, non queren velo realizado porque o único ó que aspiran é á inmortalidade, ós honores que recibirán en pago por espallar unha idea que, de feito, non pasa de ser unha filigrana teórica porque nunca contaron co seu desenvolvemento efectivo na realidade. Paga a pena presentar cada verba desta denuncia de Castelao:


Hai homes que pasan a vida predi-
cando as escelencias d-unha doutri-

na política ou social e sinten a ledicia de seren combatidos, porque confían na posteridade e soñan en trunfar dispóns de mortos, convertíndose en estatuas de bronce ou mármore; pero se a idea que predican botase axiña raíces no sentimento popular e se, por acaso xurdise a ocasión de vela trocada en feito histórico, para abrir unha época, entón veredes que os mesmos sementadores da teoría collen medo, e algúns son capaces de abandonar os seus postos de honor (*SeG*, 10).

O verdadeiro obxectivo dun pensador é, polo tanto, que as ideas que soña se poidan aplicar á realidade para transformala. Crear unha doutrina para engadir unha máis ás moitas existentes é xogar ós “solitarios filosóficos”, algo tan inútil como loitar cos inimigos soamente no terreo da polémica. O primeiro debuxo do álbum *Nós* é a expresión alegórica deste pensamento da praxe.

Importa o traballo, importa o labor de todos, importa a colaboración entre os homes e, polo mesmo a solidariedade; sobra a crítica inactiva, dedicarse a poñer chatas a unha obra que está por rematar. O máis terrible dos castigos que se lle pode imponer a un home é impedirlle que traballe, por iso Castelao se laia dos vellos desamparados que non poden máis que ver traballar e contentarse con iso coma se fose unha verdadeira xornada laboral:

Onde queira que se traballe alí están os ‘vellos desamparados’ a gozaren cos ollos. Esta ledicia é a única que os anima, e no remate da xornada márchanse para o Asilo, como se voltasen do Teatro.



*Nom lle ponrás chafos á obra; non mentirás
ni se romata. O que fouse que vai mal que
traballó n'ela; hay sitio para todos.*

Hoxe pareime a velos. Estaban ao redor dunha obra de desmonte. Cada un d-eles co seu pau, e todos eles enfardados en traxes antigos. Eu decateime de que suaban de tanto axudar... cos ollos, e cavigo que se consideran parceiros no traballo, e que respirarán con orgullo o día que a obra remate. ¡Probes vellos! (SeG, 18).

Tamén este aspecto nos permite cualifica-lo pensamento de Castelao coma unha verdadeira filosofía da

praxe. Para el, segundo acabamos de ver, o traballo forma parte da mesma esencia humana e do seu desenvolvemento libre. Talmente como defendera Marx nos *Manuscritos de economía e filosofía* e noutras tantas obras, nas que a verdadeira transformación da realidade vén das ideas convertidas en accións. Para o galeguista rianxeiro o valor supremo do pensamento é a transformación dunha realidade

inxusta, de xeito que tódalas ideas deben ir encamiñadas a lograr ese obxectivo. As reflexións teóricas que quedan nunha guerra entre intelectuais están de máis. Referíndose a estes fabricantes de ideas para a posteridade segue dicindo que

Eles gostan de chamaren ‘tempos heroicos’ aos do espallamento da idea, e non se decatan de que o verdadeiro heroísmo consiste en trocar os anceios en realidade, as ideas en feitos, pois crear unha doutrina non é apenas outra cousa que facer *soltarios* filosóficos, como loitar con nemigos, no campo da polémica, pode ser, simplemente, un xogo de amor propio. E así, soñar c-un futuro lonxano e venturoso cicáis sexa un divertimento poético, alleo a toda vocación de sacrificio (*SeG*, 10).

Quen así fala é, de certo, un Castelao consciente da infelicidade e da inxusta realidade que asolagaba Galicia e os galegos. Únha realidade que se debía vencer no terreo dos feitos, na loita contra aqueles que mantíñan abertas as feridas polas que se desangraba o país. O momento histórico no que escribe estas páxinas era de radicalización política, os anos inmediatamente anteriores á Guerra Civil. Castelao está desterrado en Badaxoz polo goberno de Lerroux, durante os anos do bienio negro. Pero lonxe de perde-la convicción nas súas ideas reafírmase nelas, radicalizándoas se cadra, porque a outra opción é a dos coitados entre os que el non quere figurar. O que estaba en xogo, na terminoloxía do propio Castelao, era a felicidade do pobo e a salvación da patria, e diante de tan

grandes obxectivos a inacción non estaba permitida.

Cando un home sabe que a realización d-unha idea vai producir a felicidade do seu povo e a salvación da súa patria, non debe recuar ante a posibilidade do trunfo, aínda que a violencia doorosa e sanguinífera do parto lle produza arrepíos; porque o home que dubida e teme no intre de realizar o ideal que predicou e non ten coraxe para manterse no seu posto de perigo, ou é un farsante ou é un coitadiño (*SeG*, 10).

Dúas notas permiten aprecia-la radicalización do discurso de Castelao, este discurso no que apreciámolo protagonismo absoluto da praxe fronte á teoría: a disposición dun home a morrer polas ideas que defende e a imposición das ideas que conduzan á salvación do pobo, cando este non sexa consciente do que o momento histórico lle está a esixir. Noutros lugares de *Sempre en Galiza* vai moderar moito máis o seu discurso, a medida que as circunstancias políticas vaian cambiando. Pero o que se mantén coma unha constante ó longo de toda a obra é esta filosofía da praxe presentada xa nas primeiras páxinas.

A opinión que lle merecen os pensadores que se deleitan na mera teoría exprésaa comparándoos cun organista que coñeceu en Badaxoz ó que só lle interesaban as tripas do instrumento, que coñecía de memoria, pero non tocalo nin que ninguén o tocase. Un instrumento musical que non produce música é unha peza morta, ó igual que un pensador que ten ideas que non se aplican á realidade só dá a luz criaturas

mortas. A descripción que realiza deles é novamente dura, aínda que feita con grande ocorrencia irónica. Pasan a vida ensumidos nas bibliotecas engulindo libros que saben case de memoria e cando morran debemos choralos porque son sabios. Pero "nos seus miolos non nasceu endexamáis a branca fror d-un pensamento orixinal". Coñecen o que se publica no estranxeiro e critican todo canto se publica no país, pero eles nin con dúas vidas de *profundación* se decidirían a escribir un libro. Frente a estes homes ós que Castelao chama ironicamente sabios, pensadores, mestres, defende os homes de acción:

Aínda queda moita fina caste de intelleituas, dos que a xente di que debemos facer pranto cando morran, mais eu quixera mellor homes de acción, que loitasen pol-o engradecimento da nosa Terra, sen medo ao fracaso, nin à censura, nin tansiquera ás pedradas. Porque hai que loitar e crear, e non imos perder a vida metidos nas tripas dos problemas (SeG, 21).

Do que se trata, pois, é de loitar e crear, e non perde-la vida metidos nas tripas dos problemas. Daquela, todo o que poida entorpece-la acción débese deixar de lado. Tal é o caso da saudade entristecida, do inútil laio polos feitos dun pasado adverso, porque esta actitude crea un sentimento de desesperanza no futuro e impide unha acción decidida para transforma-lo existente. "Mataremos, se é preciso, —di Castelao— a Saudade; porque a Saudade cicáis sexa unha esperanza

entristecida, ladroeira de accións" (SeG, 34). E neste mesmo sentido afirma noutro lugar que "estamos assistindo agora a un parto sanguíneo e doloroso de novas ideas, e os feitos pasados non poden roubarnos o pensamento e aición que necesitamos para construirmos a Galiza do futuro. Temos que refugar, inclusive, a nosa propia vellez" (SeG, 38). Unha vellez que é xustamente a historia de Galicia da que Castelao renega para reivindica-la tradición auténtica coa que afrontar con esperanza un futuro mellor. Un argumento que aparece tamén nunha das notas dos seus *Cadernos*, datada durante a Guerra Civil entre os anos 1938-1939.

Cuando la historia de un país es gloriosa puede y debe imponer sus enseñanzas; pero desgraciadamente la historia de España no ha dejado más que desilusiones de vida sin saber siquiera cuál fue su mejor propósito y ha conducido a los españoles a la tragedia presente. Por esto el pasado no puede ni debe robarnos la acción y el pensamiento para construir el futuro⁷.

Todo o que ten verdadeira existencia debe estar relacionado cos feitos, cos acontecementos, endexamais coa fría racionalidade ou coa ideación intelectual que non ten referendo real. Por iso, cando fala da nación defínea como "un feito e non unha ideia, un ser real e non un ente problemático" (SeG, 39). Segundo tiramos do paralelismo que establece o autor un feito é un ser real, mentres que unha idea é un ente

⁷ Castelao, *Cadernos (1938-1948)*. Escolma, Vigo, Galaxia, 1993, p. 57.

problemático. En termos moi semellantes se vai pronunciar no terceiro libro de *Sempre en Galiza*, cando defina o concepto de nación dos nacionalistas dicindo que “o seu concepto da nación é hestórico e non filosófico, da máis sensible realidade e independente do concepto de Estado” (*SeG*, 290). A nación pertence á máis sensible realidade, mentres que o Estado é un concepto, unha teorización que non existe en ningures máis ca na cabeza dos lexisladores que están guiados por principios político-filosóficos. “Os ‘nacionalistas galegos’ —di un pouco máis adiante— vemos que o Estado hespañol é unha organización teórica, un ente abstracto, sen pés nin cabeza, e que a nosa Terra necesita reconstituirse como ‘nación hespañola’” (*SeG*, 295-296). Isto explica por qué cando apela a Stalin para buscar unha axeitada definición de nación se xustifica dicindo que este é un autor libre de “ofuscacións filosóficas”. Por se algunha dúbida quedaba do que quería significar ó se referir a tales “ofuscacións”, deixao completamente diáfano unhas liñas máis adiante ó decir que “apelo a este home porque non é un simple teorizante” (*SeG*, 40). A filosofía é tan perversa que mesmo nos pode facer dubidar do que vemos e no caso da nación galega, malia ter ben á vista que cumpre tódolos trazos propios dunha verdadeira nación, son as elucubracións político-filosóficas as que teiman en que creámo-lo contrario.

O concepto sociolóxico da ‘nación’ está embafado por elucubracións político-filosóficas, capaces de facernos dubidar do que vemos, ouvi-

mos e apalpamos; pero non hai nada tan doado de comprender e definir cando consideramos o feito nacional como unha fatalidade biolóxica, independente do ser político, que se basa na vontade dos homes. O escurecimento d-un concepto provén, a miudo, das misturas que con el facemos; e o neboeiro en que se envolve a ideia de ‘nación’ prodúcese cando discurrimos encol dos atributos xurídicos que lle son esenciais (*SeG*, 294).

Certamente, Castelao non garda da filosofía e dos filósofos unha boa impresión, segundo podemos comprobar, polo exceso de teorización que os afasta da realidade na que hai que intervir. O carácter filosófico, o que se rexea pola lóxica da razón exacta e teorizante, éinxuriado, entre outras razóns por non encaixar co modo de ser propio da cultura galega; unha cultura dominada máis, segundo nos di, pola intuición ca pola lóxica (Cfr. *SeG*, 52). A explicación que dá unhas páxinas máis adiante a esta súa visión do home galego é á súa vez máis intuitiva ca lóxica, máis poética ca científica, pero neste caso sobradamente xustificada. “Os galegos —afirma— non somos homes lóxicos, cicáis por termos os ollos embafados pol-a brétema do Atlántico” (*SeG*, 88).

Un novo exemplo da força dos acontecementos, fronte ós soños e ás ideas, ou se se prefire da força da praxe fronte á teoría, xorde cando Castelao fala da necesidade do Estatuto de autonomía de Galicia, atafegada polos feitos históricos dun pasado no que a voz cantante a levou ó estado abafante que vive, como podemos ler noutro lugar,


no “ceo das abstraicións” (*Cfr. SeG*, 118). En palabras de Castelao, “Os soños primeiro e as ideias dispóis, crean feitos hestóricos. E Galiza xa soñou e pensou d-abondo. Non tardará en producirse o gran acontecemento. Aquel acontecemento que vai esvaecer o pesadelo da miseria moral e material en que nos ensumeu o Estado” (*SeG*, 133). Sen querer, Castelao arremeda a música da undécima Tese contra Feuerbach: xa está ben de pensar e soña-lo mundo, agora cómpre transformalo. En honor á verdade hai que dicir que Castelao se permite unha excepción a esta regra xeral, escribindo unhas páxinas, xusto ó remate do libro primeiro de *Sempre en Galiza*, nas que nos confía os seus soños de futuro para Galicia, un discurso no que a música nos lembra aqueloutro que algúns anos despois pronunciariaí Martin Luther King diante de milleiros de negros americanos ós que lles confesaba que tiña un soño (*I have a dream*). O soño de Castelao para Galicia abrangue tódolos ámbitos e sectores sociais e remata coa descripción dos tres grandes símbolos de Galicia: a árbore, a vaca e o peixe. É, como digo, un dos escasos espacios que Castelao abre ó lirismo e ós soños. En calquera caso, se ben é certo que nestas páxinas está lonxe dunha filosofía da praxe, non é menos certo que tampouco se instala nunha elucubración teórica rexida pola lóxica e a fría racionalidade.

Axustarse ós feitos e non a principios político-filosóficos ofrece tamén vantaxes no ámbito da promulgación

das leis. Así, paradoxalmente, as leis que se dictan con carácter provisorio e excepcional resultan se-las más necesarias e permanentes porque nacen promovidas por determinados feitos ou realidades concretas. Mientras que as leis ordinarias, dictadas de acordo cos principios político-filosóficos dos lexisladores, non sempre son duradeiras. “Estas Leis, non previstas polo Código fundamental e contrarias ao espírito que o inspirou, son as únicas que funcionan permanentemente en España, porque tamén son permanentes os feitos que as orixinan” (*SeG*, 161). Unha vez máis comprobamos como os principios teóricos teñen para Castelao un escaso valor fronte ós feitos que non son máis có froito das acción humanas. O desaxuste entre o valor teórico das leis e a súa aplicabilidade ás realidades concretas comprobase con respecto á lei de leis que é a Constitución. Castelao cóntalle a don Miguel de Unamuno, con quen coincide nos corredores das Cortes españolas, unha anécdota que fai referencia a este paradoxo entre o valor teórico das constitucións elaboradas cada tanto polos lexisladores e o valor real que teñen.

Estabamos n-un mitin de propaganda, nas derradeiras eleccións, e un vello petrucio empeñouse en falar, e falou así: ‘Agora imos facer unha Constitución, que non vai ser como as outras, porque ésta ímola escribir en papel de lixa para que ninguén se poida limpar o cú con ela’” (*SeG*, 168).

Os principios teóricos adoitan ser inauténticos, sobre todo se non se axus-



O *Ex-libris* de Castelao mostra o seu talante irónico e burlesco ó tratar algúns temas trascendentais.

tan á realidade á que teñen que ser aplicados. Tal é o caso do lema “liberté, égalité, fraternité” importado da Revolución Francesa que non serve nunha república coma a española e que Castelao ve más ben colocado na porta dun cemiterio (*Cfr. SeG*, 220). Non é que, de seu, Castelao non loite por estes principios, pero négase a aceptalos como pura teoría sen a súa aplicación práctica a un Estado plurinacional. A mesma postura adopta cando critica os federalistas galegos partidarios, en teoría, do federalismo e grandes autonomistas, pero na práctica, cando chegan a Madrid, esquécense ou mesmo refugan estes principios, porque só era unha cantilena teórica aprendida na véspera de se declara-la República, e cando teñen que defendelos resultan ser uns farsantes (*Cfr. SeG*, 175-76). Teoría e práctica esta vez aplicada ás conviccións íntimas dos homes: as teóricas son moral e politicamente incorrectas, como acabamos de ver.

Castelao non filosofa porque filosofar é para el perderse nunha néboa insubstancial de construccíons teóricas sen conexión posible co mundo real. Por iso, as poucas veces que usa o termo faino cunha clara intención burlesca. Así, por exemplo, en *Sempre en Galiza* podemos le-lo seguinte: “Agora síntome con arelas de filosofar, porque veño de ter unha leria c-un grave cosmopolita, incapaz de comprender a variedade humán anque el pertenece a un pequeno grupo de imbéciles que hai en todal-as bandas do mundo.” (*SeG*, 243). Este mesmo efecto é o que busca cando emprega o termo “filosofar” aplicado ó burro que carga con Rañolas, un dos protagonistas da novela *Os dous de sempre*. Rañolas recibe a nova da morte da súa nai e queda abraiado e entristecido, mentres que o burro segue coma se tal cousa porque está filosofando:

Rañolas quedóuse abraiado, sen dar creto ás verbas da vella, enfiando os ollos no campanario da eirexa.

O burro siguéu filosofando, sen variar o tema en que viña prendido, alleo á desgracia do amo⁸.

Cando Rañolas marcha por onde viñera a descripción da escena é a seguinte: “Rañolas a chorar e o burro filosofando”. Malia o ton irónico-burlesco apreciámo-la acepción que Castelao ten da alta filosofía e do filosofar que el, desde logo, non practica como mero exercicio teórico. Doutra volta, no libro de *Cousas*, é un barbeiro o que ten a teima case obsesiva de

8 Castelao, *Os dous de sempre*, en *Obra Completa 1*, Madrid, Akal, 1975-1981 (reed. 1987), p. 182.

profundar nos asuntos máis triviais. A descripción que nos fai del e do seu problema, que poderíamos chama-la “patoloxía do filósofo”, é a seguinte:

Era un barbeiro de sábado que amaba os libros que non entendía e gustaba de lélos todos enteiros.

Unha vez atopéino coa testa pousada nas mans, ó xeito dun pensador, e díxome:

—Estou profundando.

E dende entón, pra min, hai homes que profundan⁹.

Ninguén espera que un barbeiro de sábado sexa un pensador, un home dedicado a afondar nas cousas desta vida e da outra, alguén que se laia de que non sabe latín para poder profundar máis. Un home a quen, despois de ter profundado un bo retrinco de tempo no mar, o único que se lle ocorre dicir é que “O mar... jé un fenómeno!”. Por iso cando morre, unha das mulleiras que facían o pranto, representante da sinxelezza do pobo que non elabora grandes teorías sobre a realidade, fala coa verdade espida, provocando o efecto humorístico do relato: “¡Agora xa non profundas! ¡Agora xa non profundas porque xa o sabes todo!”¹⁰. Algo semellante, pero sen chegar ó estado patolóxico que sufría o barbeiro de sábado, lle acontecía a Rañolas, un dos personaxes da novela *Os dous de sempre*.

Rañolas era un home tan grande que con dous libros que meteu na cachola tivo dabondo para latricar de todo, e Pedro quedábase pasmado diante da súa sabencia. Os problemas más ensarillados non tiñan segredo para el con tal de que lle desen tempo para profundar. A cada intre surdíalle nos miolos un pensamento profundo¹¹.

Tal como acontecía coa vella carpideira do relato de *Cousas*, o exceso de teorización de Rañolas é freado pola adhesión á terra, ás cousas sinxelas e inmediatas que representa o espírito de Pedro, o outro personaxe da historia. Non en van, este personaxe é caracterizado por Castelao coma un “animal de luxo, pola súa in-humana incapacidade para a acción, e “masa sen lévado”, que segundo el mesmo declara chegou a non ser home¹².

O maxín de Rañolas endexamáis delampaba e Pedro sabía calar; pero unha vez púxolle reparos. Foi que Rañolas quixo desenrolar unha teoría e comezou decindo:

—¡Quén me dera ter vinte mil millóns de pesos!

E Pedro atallouno:

—¿En qué os podía gastar, home? Porque áinda que comeras o que comeras¹³.

Deixando a literatura e pasando ó plano político, comprobamos tamén como a escisión entre teoría e praxe é

9 Castelao, *Cousas*, en *Obra Completa 1*, Madrid, Akal, 1975-1981 (reed. 1987), p. 85.

10 Castelao, *Cousas*, cit., p. 86.

11 Castelao, *Os dous de sempre*, cit., p. 323.

12 Sobre esta caracterización do personaxe pódese ver A. González Fernández, *Fundamentos antropológicos da obra de Castelao*, cit., p. 30.

13 Castelao, *Os dous de Sempre*, cit., p. 324.

igualmente perversa. Unha cousa é concibir teoricamente a gobernabilidade dun Estado e outra ben distinta realizar día a día as accións de governo que a realidade social precisa. Nun acto organizado polos republicanos españois en Montevideo, Castelao pronuncia un discurso no que incide sobre este aspecto: "Hay en España muchos hombres —afirma— que viven en perpetuo milagro de levitación, sin tocar pueblo ni tierra, y que al abrazar la política pretenden reducir la vida española a fórmulas metafísicas" (*SeG*, 419-420). A política non se pode rexer por fórmulas metafísicas porque o seu fin primordial é o de intervir na realidade. Sobre o asunto hai unha ampla nota recollida nos *Cadernos* da que agora extractamos un fragmento:

A política non ten as raíces no ar, non é unha filosofía pura, unha cencia independente, unha arte espontánea. A política é a filosofía, a cencia e a arte de gobernar unha sociedade; e da mesma maneira que non hai sociedade sen governo, tam pouco pode haber governo sen unha política [...] Un político pode saber socioloxía, economía, historia, diplomacias, psicoloxía das moitedumes, dereito, etc. e por enriba de todo eso necesitará posuir unha cencia que non se adeprende nos libros e que soio a vida nos enseña¹⁴.

Mesmo a filosofía política, con ser fundamentalmente unha disciplina teórica, pertence ó ámbito das filosofías

prácticas que nacen para seren aplicadas á vida do home nun afán de resolle-los seus problemas. Unha teoría política que non contemple as necesidades reais do pobo pode que non sexa más ca un feixe de ideas ensarilladas que nada bo traerán para a vida dos homes¹⁵. Por respecto a ese home que é o destinatario das actuacións políticas neste eido, coma noutrous, hai que se deixar de filosofías. Por non falar da intromisión trasnoitada da teoloxía na política que Castelao critica en distintas ocasións. Así, no libro cuarto de *Sempre en Galiza*, escribe: "compre, pois, esvair, as abstraccións metafísicas ou teolóxicas da política en uso, porque áinda eisisten os homes, cos seus desexos e necesidades" (*SeG*, 440).

Outro aspecto no que apreciamos como Castelao apostea pola praxe fronte á teoría é no relativo á educación integral dos homes. As aprendizaxes teóricas, en moitos casos necesarias para dominar unha disciplina ou unha arte, non abondan se non son combinadas sabiamente cos coñecementos prácticos. Nos *Cadernos*, por exemplo, refírese ó feito de que para comandar un barco non abondan os coñecementos adquiridos na Escola náutica, senón que hai que completalos coas ensinanzas que soamente se gañan coa experiencia de navegación. É noutro lugar destes *Cadernos*, escritos por Castelao

14 Castelao, *Cadernos*, cit., p. 73.

15 A este respecto afirma nunha das súas notas dos *Cadernos*: "Así como a verba 'Beleza' —que non pronunciará endexamás o pobo— somentes sirveu para inventar teorías estéticas, a verba 'Soberanía' é outro pretexto para inventar teorías políticas. Verbas que o pobo non pronuncia somentes conducen a ensarillar as ideas e polo tanto producen males terribles", cit., p. 122.

na década que vai de 1938 a 1948, cando se pronuncia por ese saber práctico que só achega a experiencia da vida e que, por desgracia, morre sempre coa persoas. “Eu —di o autor— procurei deprender máis na vida que nos libros, máis da psicoloxía dos homes e moitedumes que na historia política dos povos. Creo que de nada me servirá o que adeprendín. E se a min non me sirve, tampouco lle servirá a ninguén, porque a experencia persoal non é cousa que poida transmitirse por herencia. Hai que adeprender o que eu sei consagrando unha vida enteira como a que eu consagrei”¹⁶.

Por último, paga a pena comprobar como este rexeitamento da teoría fronte á práctica ten tamén a súa correspondencia na concepción que Castelao ten da arte. Así, cando Otero nos fala de Castelao como artista dinos que é o “menos teorizante e o más viviente dos artistas”, posuidor dun espírito artístico empeñado constantemente na superación do concepto. A virtude innata de Castelao é a de mostra-la vida a través de instantáneas nas que decote se alenta gravemente a contradicción e manifesta un pudor insuperable pola teoría¹⁷. Unha apreciación que podemos ver corroborada por Castelao cando, nun dos *Diarios*, afirma que “Cómpre facer Arte e non filosofí-

as”¹⁸. A xustificación desta forma de entende-la arte dánola Castelao facendo alusión á pasaxe de *Cousas* na que presenta o barbeiro de sábado:

Os artistas novos sempre están a profundar, como decía un barbeiro de Rianxo, e algúns fan adrede cousas incomprensibles, co gallo de faguear un arte impopular, ‘como é a música de cámara, como son as ciencias’. Queren chegar a xenios profundando. Pensan que o arte está nos miolos i estruchan a cachola como quen estrucha un tubo de pintura¹⁹.

De feito, Castelao manifesta a súa admiración por Braque e Picasso, porque no seu cubismo “a teoría apareceu despois da obra”²⁰. Con isto comprobamos como tamén no tocante á arte, a teoría, o exceso filosófico, de afondamento, é criticado e postergado fronte a unha visión más espontánea e dinámica, máis directa da realidade. En todo caso, advirte Castelao, o ideal é atopalo equilibrio na arte, pois caer no outro extremo por fuxir da teoría non é tampouco a situación deseñable. “Lembremonos —di Castelao— que as teorías veñen sempre dispóns das obras. O artista, pois, deberá gardarse dun esceso de método; pero debe desconfiar da eisaxeración contraria, pois é indubidabel que coa influencia dos sentidos nada máis, o artista caería na decoración pura e a emoción artística nunha vulgaridade utilitaria que ningún

16 Castelao, *Cadernos*, cit, p. 104.

17 R. Otero Pedrayo, “Castelao e o rumor conxunto das vidas e camiños de Galicia”, en *Revista Grial*, Vigo, T. XXII, nº 85, 1984, pp. 268 e ss.

18 Castelao, *Diarios de Arte*, en *Obra Completa 3*, Madrid, Akal, 1982, p. 14. (En adiante DA).

19 DA, cit, p. 49.

20 DA, cit, p. 53.

pragmatismo sabería erguer hastra a Beleza." (*DA*, 62-63). A postura pola que opta o autor é a do equilibrio entre o que subministran os sentidos e o que subministra o espírito. Atopa-la xusta medida deste equilibrio é o que Castelao denomina o "segredo do xenio"²¹.

FINAL

Castelao foi un deses intelectuais que se converteron en pensadores porque sentían moi dentro a vida e os seus problemas, dándose o caso de que alguén cun título de medicina no peto, gañase o pan como funcionario, dedicándose por libre a escribir, debuxar e levar adiante todas aquelas empresas políticas e culturais que engrandecesen o seu país. Na súa obra, Galicia non era unha construción teórica, sen alma, pintoresca, folclórica, preciosista, senón un cadro onde as xentes máis humildes e marxinadas construíán o fondo humano do seu galeguismo. O seu humor non era mera comicidade senón compromiso cunha realidade abafante e inxusta que tentou denunciar e axudar a cambiar.

Os que o coñeceron falan del coma un home cordial e sensible, aberto ós demais, un home ledo e dotado para gozar da beleza e dos valores positivos da vida. Con este perfil non sería raro que fechase os ollos á fealdade e ás múltiples ruindades da socieda-

de galega do seu tempo pero non o fixo porque lle doían as feridas da humanidade: dos que emigran fuxindo da fame, dos que volven para morrer na terra, dos escravizados polo fisco, dos burgueses que renegan da súa identidade galega, dos que soñan tan só cando dormen. Tampouco foi un filósofo analítico, o sociólogo que describe con datos a realidade, informando do que hai. Non, iso sería unha actitude conformista que nunca foi a súa. El quixo esperta-la conciencia de todo un pobo berrando que as cousas non deben ser tal como son, demostrando unha inmensa confianza no espírito humano para corrixi-los seus propios erros.

Se estas ideas fosen defendidas en tratados ou ensaios ateigados de conceptos sería un pensador reconhecido, un educador de masas. Como as espallou a través da literatura ou da arte a ninguén se lle ocorre tal cousa. Non obstante Castelao creou un mundo conceptual propio, herdeiro tanto da tradición do pensamento galego coma do pensamento europeo, que construíu a través dun peculiar xogo dialéctico que confrontaba sempre opositos. Puxo tanto o seu pincel coma a súa pluma ó servicio da ética, refugando visións escapistas ou meramente estéticas da realidade. Defendeu a primacía da praxe sobre a teoría. E legou á posteridade unha serie de profecías político-sociais, moi atinadas á vista da realidade galega actual. Deulle, en fin, mil

21 *DA*, cit, p. 63.

voltas á realidade co de arriba para abaxo, poñendo ó descuberto as súas contradiccionés internas e denunciando as víctimas ás que lles tocaba apandar coasinxustizas que xeraba. E para dar conta destes obxectivos, afastouse dos gastados xéneros do pensamento filosófico, apostando por outras canles comunicativas, pouco ou nada canónicas pero pletóricas de forza expresiva. A Castelao poderíamoslle aplicá-lo que el mesmo afirma verbo dos músicos rusos: "un músico ruso apaña un tema popular e logo dalle mil voltas pra faguer dunha cousa sinxela unha cousa grandiosa"²². Do mesmo xeito, un neno pobre, un mariñeiro vido a menos ou

unha vítima da emigración convértese durante un breve instante en centro do mundo, recuperando o protagonismo que a historia lles nega, malia teren que sufrila. Por iso, os seus temas áinda sendo populares resisten o paso do tempo, embalsamados nun humor que rara vez é satírico e tratados sempre dun xeito máis sim-páthico ca corrosivo. O seu foi un pensamento da diferencia que enriquece e nos leva ó universal, fronte ós pensamentos únicos e homoxeneizantes que degradan a personalidade e a identidade. Pero ser diferente ten un prezo e o seu foi o de levar sempre unha frase nos beizos: "¡Cando volvía a Galiza...!"



22 DA, cit., p. 49.